

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 24 DE XULLO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Proxecto de Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito sobrante que nace do novo trazado da estrada autonómica PO-226 "Porráns-Cuntis" a prol do Concello de Moraña.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Christian-Albrecht-Universität zu Kiel para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universitat d'Alacant para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidad de Deusto/Deustuko Unibertsitatea para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universität Leipzig para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de setenta e cinco mil oitocentos euros (75.800,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Sveučilište u Zadru para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a University College, Cork/Coláiste na Hollscoile Corcaigh para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3 para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de corenta e tres mil catrocentos oitenta e catro euros con dezaseis céntimos (43.484,16 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidad Complutense de Madrid para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de dezanove mil catrocentos oitenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (19.487,52 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidad de Salamanca para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universitat Autònoma de Barcelona para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e nove mil euros (69.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Freie Universität Berlín para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG, acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de catro millóns setecentos noventa e oito mil novecentos oitenta e sete euros con un céntimo (4.798.987,01 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan Inspección verán 2013.
- Informe sobre os resultados da colaboración da Unidade de Policía Adscrita coa Consellería do Medio Rural e do Mar no primeiro semestre do ano 2013.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas da Axencia Galega de Innovación para centros tecnolóxicos consolidados e centros tecnolóxicos non consolidados de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde.

A LEI DO EMPREDEMENTO DE GALICIA MOBILIZARÁ 20 MILLÓNS DE EUROS NO IMPULSO A NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS

- *Tras o consenso cos diferentes axentes económicos e sociais e o CES, a Lei do emprendemento preséntase no Consello da Xunta antes de iniciar o trámite parlamentario*
- *Duplícase o fondo de capital risco previsto, ata mobilizar 10 millóns para o desenvolvemento de proxectos emprendedores*
- *Esta cifra súmase á liña de microcréditos habilitada co obxectivo de acadar outros 10 millóns de mobilización entre capital público e privado*
- *A norma suprime as licenzas de obra e actividade, que se substitúen por unha comunicación previa agás as que precisen dun proxecto de edificación*
- *O tempo necesario para constituír unha empresa fíxase en 24 horas, mentres que a unidade Galicia Emprende analizará a viabilidade de novos proxectos en menos de 30 días*
- *Mellóranse os incentivos fiscais para a constitución de novas empresas e facilítase aos autónomos o acceso a eles*
- *Entre as novidades, impulsaranse ademais dos proxectos especialmente innovadores ou cunha especial vocación internacional, os relacionados co medio rural*
- *Todos os Consellos dependentes da Consellería de Economía e Industria quedan integrados nun único Consello Galego de Economía e Competitividade, agás o Consello Galego de Consumidores e Usuarios*

A Lei do emprendemento e da competitividade de Galicia ten como obxectivo prioritario dotar os emprendedores galegos dun marco integral de apoio ás súas iniciativas empresariais, favorecendo o investimento público e privado co fin de retomar o crecemento e xerar emprego. Neste contexto, a Xunta de Galicia vén traballando na procura do texto máis completo posible, consesuando a norma a través do diálogo cos distintos axentes económicos e sociais e avaliando máis de 300 achegas para remitila con posterioridade ao Consello Económico e Social de Galicia. Froito deste labor, o Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei que se remitirá ao Parlamento para a súa aprobación definitiva.

A simplificación administrativa, os servizos e o impulso económico son os tres eixos sobre os cales se configura a norma. O texto incorpora, como principal novidade, o incremento do fondo de capital risco previsto para o impulso de proxectos emprendedores que faciliten a creación de empresas. Este fondo duplica a cantidade inicial ata sumar 4 millóns de euros que permitirán mobilizar un total de 10 millóns no impulso ao emprendemento en Galicia, unha cifra que ascende ata os 20 millóns de mobilización a través de fondos públicos e privados ao considerar tamén a liña de microcréditos habilitada, nunha clara mostra da aposta do Goberno galego para incentivar a xeración de proxectos e empresas facendo dos emprendedores axentes fundamentais para a activación do mercado laboral.

Este apoio financeiro ao emprendemento complementa as novidades xa introducidas con anterioridade, tras o diálogo mantido con 25 axentes distintos, económicos e sociais. Entre elas destaca a simplificación administrativa ca fin de facilitar a posta en marcha de negocios e impulsar o emprendemento. Desta forma, elimínanse trámites excesivos, suprimindo –con carácter xeral- a necesidade de licenza municipal de obra e actividade para o exercicio de calquera actividade económica, agás das que requiran dun proxecto técnico de edificación. Así, para a posta en marcha dunha nova actividade empresarial abondará coa comunicación previa ao concello, xunto coa documentación que garanta, no caso de que sexa preciso, o cumprimento dos requisitos ambientais, de seguridade e salubridade.

Así mesmo, o proxecto de lei mantén o tempo necesario para poder constituír unha nova empresa en 24 horas grazas ao servizo que ofrecerán os puntos de activación empresarial para persoas emprendedoras. E neste contexto de simplificación administrativa, o Igape, por medio da unidade Galicia Emprende, comprométese a analizar a viabilidade dun proxecto maduro en menos de 30 días.

Esta unidade encargárase tamén da elaboración dun censo que ofrecerá o estado actual dos viveiros empresariais galegos, con información actualizada sobre as súas capacidades e niveis de ocupación. Configúrase así un completo rexistro que contará con todos os datos destes espazos, de xeito que calquera emprendedor galego poderá coñecer, en tempo real, o viveiro axeitado en que iniciar o seu proxecto.

Bussines angel e incentivos fiscais

Co obxectivo de apoiar o emprendedor no desenvolvemento das súas iniciativas, a norma regula a figura do investidor particular (*business angel*) para o impulso dos proxectos de emprendedores, artellando, por vez primeira, unha rede galega de investidores particulares para facilitar o financiamento privado de proxectos.

O proxecto de lei mellora tamén os incentivos fiscais previstos para o fomento da actividade emprendedora. Tras o período de diálogo cos axentes, ampliouse o acceso ás deducións e bonificacións ás cooperativas e sociedades laborais, e achéganse máis facilidades aos autónomos. Todos eles poderán acollerse, con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro, á dedución do 20% do IRPF establecida na Lei de orzamentos para quen participe na creación dunha nova empresa e para aqueles que concedan créditos para a súa constitución. Así mesmo, suprímese o límite de idade para a redución do 95% no imposto sobre sucesións e doazóns de diñeiro para a creación dunha sociedade, estendéndose para calquera tipo de ben destinado á mesma finalidade.

Ademais, a bonificación do 75% na cota do imposto sobre patrimonio por creación de empresas ou ampliación de actividade amplíase aos investimentos para adquisición de accións ou participacións sociais en novas entidades ou para préstamos que xeren dereito a dedución no IRPF; e para a adquisición de locais de negocios ou para a

constitución de préstamos e hipotecas, establécese unha dedución nos actos xurídicos documentados.

Neste contexto de impulso ao emprendemento, poranse en marcha a través do Igape unha serie de servizos destinados ao acompañamento do emprendedor durante todo o proceso, desde a xestión ata a maduración e a expansión do proxecto. Como novidade, terán especial prioridade os proxectos relacionados co medio rural, ademais dos levados a cabo por mozos, os que sexan especialmente innovadores ou que nazan cunha especial vocación internacional.

E para coordinar todas estas actuacións, e na busca dunha maior eficiencia e coordinación cos distintos axentes económicos, todos os consellos dependentes da Consellería de Economía e Industria quedan integrados nun único Consello Galego de Economía e Competitividade, agás o Consello Galego de Consumidores e Usuarios. Manterán a súa representación a través de comités executivos nas diferentes áreas existentes, o que achegará maior axilidade e flexibilidade e contribuirá á racionalización da Administración pública.

A norma, que será agora remitida ao Parlamento, configúrase como un instrumento clave na dinamización económica e na xeración de proxectos e empresas, facendo dos emprendedores axentes fundamentais para a activación do mercado laboral coa meta de acadar un incremento do 60% na cifra de emprendedores galegos e permitindo superar os 130.000 nos próximos catro anos.

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA CUNTIS- PORRÁNS (PO-226) AO SEU PASO POLO CONCELLO DE MORAÑA A FAVOR DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

- *O Concello de Moraña terá que incorporar ao seu Plan de Estradas a vía a que se refire este decreto*
- *Así mesmo, a este municipio pontevedrés correspóndelle, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito*

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de hoxe aprobou o decreto de cambio de titularidade dun treito de máis de medio quilómetro da estrada PO-226, que une Cuntis e Porráns; a prol do concello pontevedrés de Moraña, concretamente no núcleo rural de Saiáns, desde o punto quilométrico 6+030 ata o p.q. 6+870. A cesión é conveniente co obxecto de realizar obras de mellora peonil para os lugares de A Chociña e Santa Margarida. O Concello asumirá as ditas obras así como a titularidade e mantemento deste tramo.


O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas, do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquire características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais, no marco das súas competencias e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Obrigas municipais

De acordo co exposto, o Concello de Moraña deberá incorporar ao seu Plan de estradas a vía a que se refire este decreto. Así mesmo, a este municipio correspóndenlle, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puiden corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto aprobado esta mañá polo Consello da Xunta, no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).



CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CON DOCE UNIVERSIDADES DE FÓRA DE GALICIA PARA A PROXECCIÓN EXTERIOR DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de doce convenios de colaboración entre a Consellería e as universidades de Deusto, Alacante, Complutense de Madrid, Salamanca, País Vasco, Autónoma de Barcelona, Zádár (Croacia), Cork (Irlanda), Sorbone Nouvelle – París 3 (Francia) e mais Leipzig, Kiel e Freie de Berlín (Alemaña)*
- *O obxectivo dos acordos é desenvolver actividades formativas, de investigación e de dinamización da lingua e da cultura galegas durante os vindeiros tres anos académicos*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará doce convenios de colaboración con outras tantas universidades do exterior de Galicia para a formación, a investigación e a dinamización da lingua, da literatura e da cultura galegas nos devanditos centros.

O Consello da Xunta deulle visto e praxe esta mañá á sinatura dos acordos coa Universidade de Deusto, a Universidade de Alacante, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Salamanca, a Universidade do País Vasco, a Universidade Autónoma de Barcelona, a Universidade de Leipzig (Alemaña), a Universidade de Kiel (Alemaña), a Universidade Freie de Berlín, a Universidade de Zádár (Croacia), a Universidade College Cork (Irlanda) e a Universidade da Sorbone Nouvelle – París 3 (Francia).

A Consellería de Cultura e Educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, destinará un total de 593.572 euros para a realización das actividades ao abeiro destes convenios plurianuais, que terán vixencia desde este ano ata o 30 de setembro de 2014, 2015 ou 2016, dependendo da universidade. O obxectivo principal desta liña de actuación é proxectar o idioma e a cultura galegas fóra das nosas fronteiras, en colaboración con universidades de prestixio que amosen interese en incluír nos plans de estudo do ensino superior a formación en lingua galega.

Nestas universidades mantense cadanseu centro de estudos galegos, como órgano de referencia para a canalización das actividades de promoción, ensino e investigación da lingua, da literatura e da cultura galegas. Ao longo do período lectivo organizaranse cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. O profesor/a lector/a de lingua, literatura e cultura galegas –que contrata directamente a respectiva Universidade, por proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística- é quen se encarga de programar e implementar estas actividades.

Coa sinatura destes convenios a Consellería de Educación continúa a impulsar a proxección exterior do galego -un dos obxectivos marcados no Plan xeral de normalización da lingua galega- a través da consolidación do ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e da súa implantación noutras universidades de interese estratéxico.

Difusión exterior da lingua e da cultura galegas

A aposta que a Xunta de Galicia realiza en universidades de fóra da nosa comunidade autónoma fai posible o desenvolvemento dun amplo e variado programa de actividades culturais de todo tipo, que facilitan a proxección internacional e o coñecemento da cultura galega entre o estudantado universitario e a cidadanía en xeral. Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en trinta e sete universidades de Europa e de América, cuxos centros de estudos galegos integran a Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia. A maioría deles (concretamente, vinte e nove) contan con lectorado de lingua, literatura e cultura galegas.

A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades españolas e estranxeiras é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión exterior do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN PROPORCIONA 510.000 EUROS AOS INVESTIGADORES DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO PARA O ACCESO A RECURSOS DE SUPERCOMPUTACIÓN, ALMACENAMENTO DE DATOS E COMUNICACIÓN

- *O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades galegas, a USC, a UDC e a UVigo, en prol da recoñecida capacidade científica, docente e tecnolóxica das tres universidades*

O Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en convenio coas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, destinará 510.000 euros para proporcionar aos investigadores do Sistema Universitario Galego (SUG) acceso aos recursos de infraestruturas de cálculo, almacenamento de datos e comunicacións, segundo se aprobou hoxe no Consello da Xunta de Galicia tendo en conta a recoñecida capacidade científica, docente e tecnolóxica das tres comunidades universitarias.

Este convenio ten como obxectivo pór á disposición dos investigadores o uso dos servizos dun supercomputador que permita realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda larga necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Desde o Departamento de Educación salientase que o uso compartido dos servizos por parte das tres universidades redunda na conveniencia de impulsar lazos de colaboración e cooperación no ámbito do SUG, o que permitirá crear un marco máis eficiente para a realización dunha investigación máis competitiva.

A supercomputación, tecnoloxía clave na investigación

Na actualidade, a supercomputación é unha tecnoloxía clave en todas as áreas de investigación debido a que nestes tempos para innovar e investigar resulta indispensable contar cunha gran capacidade de cómputo e de almacenamento. Así, o uso de supercomputadores permite obter resultados de investigación a unha maior velocidade e, nese sentido, acurtar en gran medida os tempos acadados con outras ferramentas.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 4,7 MILLÓNS DE EUROS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE

- *Por medio dun convenio que se asinará entre a Vicepresidencia da Xunta, a Consellería de Sanidade e a Fegamp*
- *Os concellos beneficiarios poderán dispoñer dun anticipo do 66% do importe da subvención concedida*

O Executivo galego reunido no día de hoxe autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Consellería de Sanidade; o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de 4,798.987 euros, que se destinarán entre o presente ano e o 2014.

Por medio desta iniciativa, e dentro do desenvolvemento do 8o Pacto Local, a Xunta de Galicia pretende darlle continuidade aos servizos que, a través das unidades asistenciais de drogodependencias, viñan xestionando as entidades locais, así como para contribuír ao mantemento das estruturas de atención sanitaria existentes en cada una delas, procurando a flexibilidade na xestión e utilización dos fondos para os fins previstos no seu conxunto. Tamén se pretende a simplificación dos trámites administrativos e a racionalización da xestión.

Para tal efecto, os concellos beneficiarios poderán dispoñer dun anticipo do 66% do importe da subvención concedida.

O PLAN ESPECIAL DE INSPECCIÓN TURÍSTICA PARA O PERÍODO ESTIVAL INCLÚE MÁIS DE 1.500 INSPECCIÓN S QUE BUSCAN MELLORAR A CALIDADE E A EFICIENCIA E EVITAR A INTRUSIÓN PROFESIONAL

- *O Plan especial de inspección turística desenvólvese entre os días 1 de xullo e 30 de setembro e conta con catro eidos de actuación preferentes que son os establecementos en situación de ilegalidade; os campamentos de turismo; os establecementos de turismo rural; as axencias de viaxes e mais os prezos*
- *Propónse un número total de actuacións previstas e establécese un protocolo de actuación para o corpo de Inspección Turística*
- *O documento inclúe un plan específico para o Camiño de Santiago, con especial incidencia nos establecementos do Camiño Francés*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre o Plan especial de inspección turística para o período estival 2013 que se desenvolve desde o día 1 de xullo ata o 30 de setembro de 2013 e que ten como finalidade acadar unha mellora da calidade, eficacia e eficiencia da disciplina turística, así como evitar a intrusión profesional neste sector.

De tal xeito que o plan incide en catro ámbitos de actuación preferentes e subdivídese en zonas de actuación preferentes por provincias. Os eidos de actuación preferentes son os establecementos en situación de ilegalidade, os campamentos de turismo, os establecementos de turismo rural, as axencias de viaxes e os prezos. De tal xeito que se inspeccionarán neste período o 50% dos campamentos de turismo, o 10% das cafetarías; o 10% dos restaurantes; o 35% dos establecementos de turismo rural, o 10% dos hoteis e pensións, o 50% das axencias de viaxes; o 50% dos apartamentos e o 50% das vivendas turísticas. Ademais, levarase a cabo un plan especial para o Camiño Francés a Santiago cuxo obxectivo é o especial seguimento dos establecementos existentes nesta ruta xacobeá. En total, o número de visitas previstas é de 1.506.

Establécese un protocolo de actuación para o corpo de Inspección Turística co obxecto de unificar o labor do persoal integrante deste corpo nas catro provincias galegas.

Ademais, lévase a cabo un plan especial para o Camiño de Santiago cuxo obxectivo é o especial seguimento dos establecementos existentes na ruta xacobeá, con especial incidencia nos establecementos do Camiño Francés.

No tocante aos establecementos en situación de ilegalidade, actúase de oficio, rastrexando a través da internet; procurando folletos e anuncios na prensa; ou controlando a oferta turística nas zonas costeiras. Ademais, tamén se actúa a través de denuncias presentadas por particulares ou colectivos, nun máximo de 48 horas desde que se presenta e colabórase coas asociacións profesionais do sector.

No caso dos campamentos de turismo actuarase de oficio e porase énfase nas construcións fixas das cales se sospeite a súa cesión mediante aluguer ou venda; nas instalacións permanentes do campamento e na superficie ou capacidade para evitar ampliacións non autorizadas.

Incidirase no relacionado cos establecementos de turismo rural en identificar os establecementos pechados así como na localización de vivendas anunciadas como turismo rural que non contén coa preceptiva clasificación.

A respecto das axencias de viaxes, tratarase de determinar que continúan a cumprir cos requisitos preceptivos, así como de identificar os establecementos pechados para proceder á súa baixa no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.

Os aspectos relacionados cos prezos focalizaranse en comprobar que estean expostos nun lugar visible e lexible.

As zonas de preferente actuación do plan por provincias son as seguintes:

-Na Coruña: o Camiño e a cidade de Santiago; as zonas costeiras de Sada, Oleiros, Muros, Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo; e mais a Costa da Morte, en especial, Malpica de Bergantiños, Laxe, Camariñas, Muxía, Cee, Corcubión, Fisterra e Carnota.

-En Lugo: o Camiño de Santiago e a cidade de Lugo; e mais a Mariña Lucense, especialmente Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo.

-En Ourense: o Camiño de Santiago e a cidade de Ourense; a zona do Ribeiro e Allariz.

-En Pontevedra: o Camiño Portugués, a Ría de Arousa, especialmente Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Ribadumia, Cambados, O Grove, Meaño e Sanxenxo; as terras de Pontevedra, en Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa; e a ría de Vigo e o Baixo Miño, en Redondela, Vigo, Nigrán, Gondomar, Baiona, O Rosal e A Guarda.

A POLICÍA AUTONÓMICA MULTIPLICOU POR SETE AS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO EN COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- ***Intensificáronse os controis e inspeccións en eidos tan importantes como a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, a sanidade e o benestar animal ou o control de residuos e produtos fitosanitarios***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe da Policía Autonómica sobre os resultados da colaboración dos seus axentes coa Consellería do Medio Rural e do Mar durante o primeiro semestre do ano, e que ten producido un incremento das inspeccións de máis do 700 por cen, ao pasar de 647 no ano pasado no mesmo período, ás 4.146 actuais.

O informe recolle actuacións en eidos tan importantes como a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, a área de sanidade e benestar animal, o control de residuos ou o control de produtos fitosanitarios e os seus establecementos de venda, por citar algúns. De momento, exclúense as actuacións relacionadas cos incendios forestais -as máis intensas-, de cuxos resultados se vén dando conta ao remate da campaña de incendios.

O primeiro apartado que revela a activa colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Autonómica é a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, que se ten intensificado notablemente neste último exercicio e no primeiro semestre de 2013 deu como froito máis de 1.300 inspeccións -case catro veces máis que o ano pasado- e preto de 1.000 denuncias.

Ademais, a UPA tamén ten colaborado intensamente con Medio Rural nunha serie de actividades de inspección e control da sanidade e do benestar dos animais, tanto no que se refire ao seu transporte como na supervisión de feiras e mercados de gando, para que as actividades comerciais e de intercambio se desenvolvan dentro do marco normativo previsto. O resultado durante este primeiro semestre foi de 1.196 inspeccións e controis e 270 denuncias; sendo especialmente destacables as actuacións en equinos, onde se produciron 879 inspeccións e 265 denuncias.

Outro dos apartados recollidos no documento é o relativo ao control dos subprodutos animais non destinados ao consumo humano (SANDACH), regulados por unha normativa comunitaria que trata de impedir a aparición de riscos para a sanidade humana e animal ou para o ambiente, e sobre todo, para garantir a seguridade da cadea alimentaria humana e animal.

Deste xeito, os efectivos da UPA realizaron 70 controis de contedores destinados a transportar estes subproductos -ósos, picos, plumas...-, que na súa maioría proceden da industria alimentaria e están destinados a empresas do sector alimentario (fabricantes de

pensos para cans, por exemplo) ou tamén para ser entregados a xestores autorizados para a súa xestión. Estas inspeccións e controis remataron con 19 denuncias.

Por último, o informe tamén aborda a colaboración entre ambos os entes no control de produtos fitosanitarios e dos establecementos de venda, así como a posible venda retallista de medicamentos animais sen pasar os controis oficiais. O obxectivo é impedir posibles riscos para a saúde das persoas que os utilizan ou mesmo dos consumidores, no caso de producirse unha intoxicación alimentaria de utilizarse en exceso ou de forma incorrecta. Esta liña de colaboración produciu 551 inspeccións e 217 denuncias.

O incremento da actividade policial nestes eidos -como xa se ten dito, ata 7 veces maior- é debido, en gran parte, á nova incorporación, a finais do ano pasado, de 93 novos efectivos á UPA, tras o acordo co Ministerio de Interior de convocar o concurso de vacantes que tantos anos levaba pendente de desenvolver. Este aumento do cadro persoal está a permitir á Unidade cumprir mellor coas súas funcións, ampliando a colaboración dos seus axentes coas distintas consellerías da Xunta e dando, en definitiva, un mellor servizo público a todos os galegos.

A XUNTA IMPULSA A TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS ÁS EMPRESAS CON MÁIS DE 3 MILLÓNS

- ***A convocatoria da Axencia Galega de Innovación, a través de contratos-programa, busca incrementar a competitividade tanto dos centros como do tecido empresarial galego***
- ***Refórzase o seu papel tractor e poténciase a interacción dos axentes de I+D+i***
- ***Esta liña, que se completará ata os 4,5 millóns con axudas para outros centros de coñecemento non universitarios, enmárcase na aplicación da Estratexia estatal de innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema galego de I+D+i***

A Xunta de Galicia, na súa aposta por impulsar a transferencia de resultados da investigación á empresa, mellorando deste xeito a competitividade do tecido empresarial galego, destina máis de 3 millóns de euros ao desenvolvemento de contratos-programa cos centros tecnolóxicos da Comunidade. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicará nos próximos días a convocatoria de axudas para estes centros co obxectivo de acadar un financiamento estable, non dependente de proxectos concretos, que lles permita orientar parte do seu desempeño cara ao mercado.

Os beneficiarios serán, dunha parte, os 5 centros tecnolóxicos que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Economía e Industria –AIMEN, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), ANFACO-CECOPECA, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)-, que disporán de 2,3 millóns de euros para o seu financiamento; e, doutra, o resto dos centros galegos non dependentes do Sistema Universitario de Galicia, para os cales se destinan outros 750.000 euros. Ambas as liñas de actuación reforzan o papel tractor destas entidades e enmárcase no interese da Xunta por contribuír a que Galicia conte con centros tecnolóxicos fortes e excelentes como a mellor vía para que poidan captar e reter talento facilitando a consolidación do persoal investigador.

Os requisitos para o acceso ao financiamento destes contratos-programa están baseados en exixentes indicadores de actividade, centrados prioritariamente na capacidade para transferir resultados á empresa e, por tanto, contribuír de maneira decisiva na competitividade e o crecemento da economía galega. Neste sentido, os compromisos que os centros deben cumprir están condensados nun número moi limitado de criterios, pero moi intensivos (contratos e unidades mixtas con empresas, patentes etc.). Isto débese á intención de incentivar os esforzos nas partes que xeran máis valor da actividade que levan a cabo os centros.

As axudas inclúen, como gastos financiáveis, equipamentos, investimentos ou subcontratacións, pero, sobre todo, son unha vía con gran potencial para a atracción e

retención de talento mediante actuacións centradas no capital humano: contratación e consolidación de persoal de I + D (investigadores, tecnólogos e outros), formación etc.

Esta forte aposta débese ao interese da Xunta por garantir o óptimo funcionamento dos centros tecnolóxicos, nos cales radica un gran potencial para xerar coñecemento transformable en innovación mediante a súa valorización no mercado. O acceso a fondos de carácter estrutural, que permiten manter un nivel competitivo nos seus recursos humanos e materiais, é fundamental para que estes centros cumpran a súa misión no Sistema Galego de Innovación.

Os contratos-programa serán obxecto de anticipos por valor do 50% do total das axudas que sexan concedidas, e terán por obxecto optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I permitíndolles aos beneficiarios contar cunha parte importante das axudas con antelación, o que contribúe a unha mellora da súa liquidez.

Axudas para centros de coñecemento galegos

Este programa completárase ata os 4,5 millóns de euros cunha partida de 1,2 millóns destinados aos centros de coñecemento galegos non universitarios, entre os cales están os centros da Plataforma de Innovación sanitaria do Sergas, os centros situados en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) ou o Instituto Español de Oceanografía (IEO).

Este innovador programa de axudas enmárcase na aplicación da Estratexia estatal de innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema Galego de I+D+i. A vinculación dos contratos-programa á e2i supón a blindaxe económica desta liña de actuación ata 2015, aínda que a Xunta ten intención de darlle continuidade alén dese exercicio como instrumento estratéxico de apoio á actividade dos centros de coñecemento.

Os contratos-programa terán continuidade en vindeiras anualidades, nas cales os indicadores que rexerán a competencia estarán xa aliñados coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) que Galicia debe deseñar para ter acceso aos fondos estruturais europeos no período 2014-2020. Nesta estratexia quedarán establecidos os sectores e os ámbitos de especialización con maior potencial innovador e de crecemento para Galicia.

O SERGAS INVESTIRÁ NOS VINDEIROS 8 ANOS AO REDOR DE 80 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE OS SEUS PROFESIONAIS DISPOÑAN DA MELLOR TECNOLOXÍA PARA ATENDER A CIDADANÍA GALEGA

- *Deste xeito garántese que os hospitais públicos estarán dotados da alta tecnoloxía de última xeración, e que estará mantida e actualizada en todo momento*

O Consello da Xunta reunido, no día de hoxe, aprobou destinar 80 millóns de euros para renovar nos vindeiros anos a dotación tecnolóxica dos centros sanitarios e, deste xeito, manter cubertas as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde.

Trátase de que todos os hospitais da rede do Sergas dispoñan, durante os vindeiros 8 anos, da tecnoloxía de vangarda necesaria para un correcto diagnóstico e tratamento, independentemente da evolución orzamentaria de cada ano.

Así, irase contratando, segundo vaia sendo precisa, a renovación dos equipamentos de resonancias, TAC, PET, mamógrafos e gammacámaras; así como equipamentos de hemodinámica e aceleradores lineais entre outros, sen necesidade de adquirilos.

Deste xeito, garántese que os hospitais do Sergas estarán dotados da alta tecnoloxía. Ao mesmo tempo, asegurará o seu mantemento e actualización en todo momento, o que supón aforros por este concepto para o Servizo Galego de Saúde.